



DECRETO: Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal do persoal para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo acuático nas praias do Concello de Riveira no verán do ano 2018, na previsión de 3 xefes de praia e 35 socorristas acuáticos, nomeamento do Tribunal Avaliador, lugar, hora e data do inicio do proceso selectivo.

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal do persoal para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo acuático nas praias do concello de Riveira no verán do ano 2018, na previsión de 3 XEFES DE PRAIA e 35 SOCORRISTAS ACUÁTICOS, a través do sistema de selección de OPOSICION, segundo as Bases de selección que foron aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión celebrada na data 16/05/2018, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 95 do 22/05/2018, no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira, así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, e no xornal "La Voz de Galicia" na súa edición do 22/5/2018.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, na data 14/06/2018, ditou resolución aprobando a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos no proceso selectivo antes referido, que se publicou na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial no que estivo exposta ao público desde a data 14/06/2018 ata a data 22/06/2018, concedéndose un prazo de 2 días hábiles, contados desde o seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Polo exposto, rematado o prazo de subsanación de erros ou de presentación de emendas, esta Alcaldía, de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aproba-la lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

A) Xefes de praia

Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I.	Admitido/a	Causa da exclusión
Barreiro Reiriz, Marcos	53795471-N	Si	
Cores Vázquez, Ricardo	53483515-M	Si	
Montero Barreiro, Blas	44844101-N	Si	
Romano Martinez, Angela	53487418-K	Si	
Souto Rial, Francisco José	44841703-Y	Si	

B) Socorristas

Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I.	Admitido/a	Causa da exclusión
Ageitos Gude, Cristian	53483082-D	Si	
Alvarez González, Carlos	53488395-D	Si	
Alves Rivas, Carlos	53486871-A	Si	
Barreiro Reiriz, Marcos	53795471-N	Si	
Basoco Mariño, Martin	53487472-Y	Si	
Carnota García, Daniel	53797733-C	Si	





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Carou Frieiro, Tino	35485492-B	Si	
Cores Vázquez, Ricardo	53483515-M	Si	
Dieste Garcia, Jorge	78804481-H	Si	
Garcia Blanco, Cayetano	53483843-B	Si	
Gómez Taboada, Maria	53482088-G	Si	
González Sampedro, Juan Jose	52931655-F	Si	
González Suárez, Jesus Maria	53482203-G	Si	
Jeremias Fernandez, Alberto Manuel	45872525-Z	Si	
Maneiro Prol, Salvador	53486001-F	Si	
Millan Pérez, Jorge	52938971-D	Si	
Miniño González, Jorge	53480826-F	Si	
Montero Barreiro, Blas	44844101-N	Si	
Pego Paz, Ismael	53795640-C	Si	
Pereira Martinez, Ana	53488742-B	Si	
Quintans Vila, Ramón	53484548-A	Si	
Quintas Kull, Dario	44844074-P	Non	(7)
Romano Martínez, Angela	53487418-K	Si	
Sineiro Casal, David	77419279-Z	Si	
Souto Rial, Francisco José	44841703-Y	Si	

- 1) Non achegar instancia solicitando participar no proceso selectivo.
- 2) Instancia presentada fóra de prazo.
- 3) Non achegar fotocopia do DNI.
- 4) Non achegar fotocopia do título académico esixido na convocatoria.
- 5) Non achegar xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
- 6) Non achegar fotocopia que acredite a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos.
- 7) Non achegar certificado médico en impreso oficial ou informe de saúde (ORIXINAIS).
- 8) Non achegar a vida laboral xunto co certificado de períodos de inscrición co fin de acreditar a situación de desemprego para o caso da exención da taxa.
- 9) Non achegar copia do permiso de conducir clase B.

A inclusión dos/as aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

SEGUNDO.- A lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Así mesmo, a título informativo e complementario, publicarase na páxina web do Concello de Riveira (www.riveira.es) no apartado "taboleiro de anuncios".

TERCEIRO.- Nomear o seguinte Tribunal Avaliador do proceso selectivo:

Presidente: Titular: Ignacio Luis Fernández Veiga. Suplente: Uxía Landeira Pereira. **Secretario:** Titular: María Sieira Ríos. Suplente: José Martínez de Llano Orosa. **1º Vogal:** Titular: Ariana Cajaraville Chacón. Suplente: José Manuel Fernández Dios. **2º Vogal:** Titular: José Andrés Alonso Paz. Suplente: Pedro Antonio Fernández Iglesias. **3º Vogal:** Titular: Vicente Javier Oujo Lijó. Suplente: Margarita Iglesias Regueiro.

Contra a composición deste Tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

CUARTO: Nomear a Marcos Fernández Santamaría e José Francisco Parente Martínez, membros do GAEM do Concello de Riveira, como asesores do referido Tribunal Avaliador.





QUINTO.- Convocar ós/ás aspirantes admitidos/as para que **o mércores, día 27 de xuño de 2018, ás 9:00 horas, se presenten no Centro Cultural Lustres Rivas, sito na rúa Manuel Lustres Rivas, nº 20, 2º andar, dereita, co obxecto de iniciar a fase de oposición do proceso selectivo coa realización do primeiro exercicio da oposición (proba de coñecementos).**

A continuación, **ás 11:00 horas, procederase á realización do segundo exercicio da oposición (proba práctica), na praia de Coroso.**

Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.

Rematado o segundo exercicio, **procederase á realización do terceiro exercicio (proba de coñecemento da lingua galega), no Centro Cultural Lustres Rivas, estando exentos/as da realización desta proba aqueles/as aspirantes que acrediten estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente.**

A continuación, no Centro Cultural Lustres Rivas, procederase á realización da entrevista, para aqueles aspirantes que se presenten ao posto de Xefe de praia.

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

SEXTO.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial do Concello de Riveira. Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial do Concello de Riveira. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Así o decreta e asina o alcalde , en Riveira á data que figura na sinatura dixital ao pé deste documento, do que da fe o secretario en función, José Martínez de Llano Orosa.

